



### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar  
Departamento Territorial  
Ourense

Servizo de Relacións Laborais  
Convenio: hostalería  
Expediente: 32/01/0002/2011  
Data: 23/02/2011

Asunto: resolución de inscrición e publicación  
Destinatario: Gumersindo Donas Vázquez  
Código de convenio: número 32000215011981

Unha vez visto o texto da acta da Comisión Negociadora do Convenio colectivo de hostalería da provincia de Ourense ano 2009-2010 (publicado no BOP n.º 134, do 13 de xuño de 2009) subscrita, o día 25 de xaneiro de 2011, polos/as membros da citada comisión integrada; dunha parte, en representación da parte económica, polos/as designados/as pola parte empresarial, e doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representante/s designados/as pola/s central/es sindical/es Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Comisións Obreiras (CC OO), polo que se acorda facer efectivo o disposto no artigo 33 do antedito convenio relativo á cláusula de revisión salarial e, de conformidade co disposto no artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995 do 24 de marzo, Real decreto 713/2010 sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, esta xefatura territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-lo seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia creado mediante Orde de 29 do outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Ourense, 23 de febreiro de 2011. O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta de acordo

En Ourense, ás 18 horas do día 25 de xaneiro de 2011, reúnen-se nos locais da Federación de Empresarios de Hostalería de Ourense, situado na rúa Xaquín Lorenzo "Xocas", a representación social e empresarial do Convenio colectivo de hostalería da provincia de Ourense que están formadas polas persoas que se citan a continuación.

Parte Social:

- UXT: Concepción López Caride
- CC OO: Manuel Vázquez Castro

Parte empresarial:

Emilio González Domínguez  
José Carlos Vázquez Soto



José Pérez Seara  
Ovidio Fernández  
Acordan:

Facer efectivo o artigo 33 do Convenio colectivo de hostalería da provincia de Ourense, "Cláusula de revisión salarial", o cal di:

Para o ano 2010, se o IPC real, a 31 de decembro do 2010 é superior ó 2%, a diferenza terá efectos retroactivos ó 1 de xaneiro de 2010, e pagaranse os correspondentes atrasos e modificaranse á alza os valores dos conceptos obxecto do incremento salarial que servirán de base para os incrementos do exercicio seguinte. A revisión será realizada, ó máis tardar, na mensuralidade seguinte ó facerse oficial o IPC real do exercicio.

O dereito á dita revisión salarial alcanzará a tódolos traballadores afectados por este convenio durante todo ou parte do 2009 ou 2010 pertenzan ou non á empresa na data na que se produza a dita revisión.

A cantidade resultante, correspondente ó ano completo ou, de se-lo caso, a parte rateada aboarase (nunha soa paga) durante ou primeiro trimestre do ano.

O IPC do ano 2010 é dun 3% e a revisión procede nun 1%.

A comisión negociadora acorda delegar na persoa designada polo Consello Galego de Relacións Laborais, o rexistro e a publicación das táboas salariais.

Categoría establecementos

Grupos profesionais; 1ª categoría; 2ª categoría; 3ª categoría; 4ª categoría

Grupo 1; 1.200,64; 1.172,39; 1.144,26; 1.116,28

Grupo 2; 1.116,28; 1.087,94; 1.144,26; 1.032,82

Grupo 3; 1.054,32; 1.026,24; 998,10; 969,87

Grupo 4; 941,74; 913,58; 913,58; 886,81

Grupo 5; 847,51; 819,41; 791,17; 791,17

Grupo 6; 805,30; 805,30; 791,17; 791,17

Grupo 7; 805,30; 805,30; 791,17; 791,17

**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)